

CERTAME DE MICRO VIDEOS: **Non o ignores, non o xustificues, non o escondas**

BASES

Primeira.-OBXECTO

Con motivo da celebración do Día internacional contra a violencia de xénero que se conmemora o día 25 de novembro, o Consello Municipal da Muller e maila Concellería de Igualdade do Concello de Vigo convocan o concurso de micro vídeos "**Non o ignores, non o xustificues, non o escondas**".

Este concurso pretende concienciar a toda a sociedade acerca da violencia machista e fomentar unha maior implicación social para que non se esconda, non se escuse e non se ignore a violencia de xénero.

Este concurso consta dunha única modalidade (vídeos que non superen os 3 minutos de duración) dotada con 1 premio e dous accésit.

Segunda.- CONDICIÓN PARA A CORRECTA PRESENTACIÓN

a) Requisitos

Cada participante só poderá presentar un microvídeo. Os microvídeos que se inscriban no concurso **deberán estar en lingua galega** e ser orixinais e inéditos: non poden ter sido exhibidos por ningún medio, incluíndo internet, nin ter participado en festivais, certames ou outro tipo de eventos.

b) Temática

Os micro vídeos presentados a concurso terán como tema o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia de xénero :**Non o ignores, non o xustificues, non o escondas**

Poderase ter en conta os distintos tipos de violencia de xénero que están a sufrir as mulleres: física, psicolóxica, sexual e o control económico, entre outras.

c) Condicións técnicas:

Os vídeos que se presenten ao concurso **non poderán ter unha duración superior a 3 minutos** (incluíndo a cabeceira co título)

O formato de presentación é exclusivamente en liña, sendo o tamaño máximo do arquivo de vídeo de 100 Mb e soportaranse a maioría de formatos dixitais: avi, mpg, flv, wmv, vob, mp4, mov e os de alta definición: mkv, ts e m2ts, etc. O formato subirase unicamente a través do espazo web da Concellería de Igualdade www.igualdadevigo.org/concursovideos

Serán admitidos a concurso os vídeos que cumpran as condicións técnicas, artísticas e/ou legais que esixe a organización

A organización resérvase o dereito a rexeitar os vídeos que non ofrezan as condicións técnicas mínimas para a súa proxección, aqueles que non cumpran as condicións fixadas nas bases ou

aqueles que polo seu contido sexan ofensivos, ou cuestionables por razóns éticas ou legais.

Terceira.- **INSCRICIÓNS**

O sistema de inscrición e envío de vídeos realizarase unicamente a través do espazo web da Concellería de Igualdade www.igualdadevigo.org/concursovideos

As persoas que concursen deberán cubrir o formulario de inscrición ao que poderán acceder desde o espazo web anteriormente citado. A/O participante garante a veracidade dos datos que achegue na ficha de inscrición.

Para que a inscrición sexa válida, cada participante deberá cubrir os campos designados como obrigatorios do formulario, e deberá de aceptar de forma expresa as bases fixadas pola organización.

Cuarta.- **OBRIGAS E REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES**

a) Trátase dunha convocatoria libre na que poderán participar todas aquelas persoas físicas ou xurídicas maiores de 16 anos (as/os menores de idade, no caso de seren gañadoras/es deberán achegar autorización materna/paterna para recibir o premio)

b) Cada participante só poderá presentar a concurso un microvídeo.

c) As/os participantes dan o seu consentimento para que o seu nome apareza nos materiais informativos e promocionais, xa sexan impresos ou dixitais da organización.

d) Unha vez emitida a decisión do xurado, as persoas que sexan propostas para a obtención dalgún dos premios desta convocatoria, deberán acreditar que reúnen os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas en prohibición para ser beneficiarias de subvencións das previstas no dito artigo para o que se lles esixirá ás/aos solicitantes unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10. Asemade, deberán acreditar que se achán ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e co Concello de Vigo mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do R.d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións.

e) Serán obrigas da persoa beneficiaria as previstas nestas bases e convocatoria e as sinaladas no artigo 11 da lei de subvencións de Galicia.

f) As persoas participantes serán as únicas responsables fronte ao Concello de Vigo e fronte a terceiras persoas do cumprimento destas bases e dos contidos dos seus traballos en canto a esixencias legais de dereitos de autoría ou plaxios segundo as leis vixentes. Cada participante, polo mero feito de participar no concurso, acepta todas e cada unha das súas bases. O Concello de Vigo queda eximido de toda responsabilidade ante calquera reclamación que se puidese presentar.

Quinta.- **PUBLICIDADE e PRAZO DE PRESENTACIÓN**

a) As presentes bases difundiranse a través dos medios de comunicación local e estarán a disposición das persoas interesadas na propia Concellería de Igualdade e na web municipal: www.igualdadevigo.org.

b) O prazo da admisión dos vídeos comeza o día 4 de outubro de 2010, e finaliza o día 31 de outubro de 2010.. Non serán admitidos os microvídeos que se reciban con posterioridade á data indicada, calquera que sexa a causa do atraso.

Sexta.- **XURADO**

O xurado estará integrado polas seguintes persoas :

PRESIDENTA: a concelleira de Igualdade Iolanda Veloso Rios, ou persoa na que delegue.

VOGAIS: catro membras da comisión de traballo organizadora dos preparativos dos actos do 25 de novembro , creada no seo do Consello Municipal da Muller.

SECRETARÍA: A xefa do Servizo de Igualdade, Cristina Gómez García, con voz e sen voto.

As membras do xurado poderán solicitar a presenza dun/ha profesional do medio audiovisual que actuará como asesor/a, con voz e sen voto.

En caso de empate resolverá o voto de calidade da presidenta do xurado.

Como criterio para outorgar os premios o xurado terá en conta a orixinalidade e a eficacia do vídeo para transmitir valores de igualdade e de non violencia contra as mulleres.

A concelleira de Igualdade queda facultada para resolver as eventualidades que poidan xurdir por non estaren previstas nestas bases.

Sétima.- **PREMIOS**

Do total de microvídeos subidos ao espazo web indicado nestas bases, o xurado decidirá o vídeo gañador do primeiro premio así como a concesión de dous accésit, de ser o caso.

Primeiro premio: o premio para o microvídeo gañador consiste nun bono por importe de 500 € (cincocentos euros) para a adquisición de material e/ou dispositivos de informática, imaxe e/ou son, para trocar en establecementos comerciais indicados pola organización.

Dous accésit: poderase conceder ata dous accésit dotados cun bono por importe de 250 € (douscentos cincuenta euros) cada ún, para a adquisición de material e/ou dispositivos de informática, imaxe e/ou son, para trocar en establecementos comerciais indicados pola organización.

Os premios poderán ser declarados desertos de estimar o xurado que ningún dos traballos presentados reúne as condicións necesarias.

A organización resérvase o dereito de revogación dos premios concedidos, se en calquera momento posterior á súa concesión, tivese coñecemento de que a autora ou autor da obra non cumprise algunha das condicións das bases do concurso. Neste suposto o premio outorgaríase a outro traballo presentado ou declararíase deserto, de ser o caso.

O outorgamento dos premios, tramitaranse a partir dun mes contado desde o día seguinte á súa notificación de non existir recurso ningún, e de existir recurso, tras seren cumpridos os prazos legais para a súa resolución.

Oitava.- PROPIEDAD E DESTINO DOS VÍDEOS PRESENTADOS AO CONCURSO

Co envío do formulario online cuberto, a persoa que participa neste concurso manifesta e garante que é a única autora ou autor do vídeo, e titular de todos os dereitos de autoría sobre a obra que presenta a concurso. Asemade, será responsabilidade da/o participante recabar a autorización das persoas que poidan aparecer no vídeo, para a efectiva actividade que se convoca, asumindo toda reclamación por dereitos de imaxe.

A/O participante será a/o única/o responsable legal ante calquera controversia que poida xurdir por incumprimento da lei respecto aos dereitos de autoría polo uso de imaxes, músicas ou audios preexistentes.

Co fin de poder levar a cabo cantas accións de difusión considere necesaria a organización, todas as persoas participantes cederanlle á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, de forma exclusiva e con carácter gratuíto, os dereitos de comunicación pública dos traballos presentados a concurso.

Os microvídeos presentados quedarán en propiedade da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, que se reserva o dereito de explotación do traballo, produción, distribución, proxección, transformación ou calquera outro tratamento posterior para conmemorar o 25 de novembro no ano 2010 e en anos posteriores, con mención das súas autoras ou autores.

O Concello de Vigo resérvase o dereito de organizar proxeccións públicas con todos ou parte dos microvídeos presentados ao concurso, en local, datas e horas que se determinarán, así como estar accesibles ao público na web municipal. A Concellería de Igualdade será a encargada de seleccionar os microvídeos que se inclúan nas futuras proxeccións.

Novena.- TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das persoas que se presenten ao premio, agás no relativo a este, serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

As persoas beneficiarias dos premios poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Décima.- NORMATIVA APLICABLE

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das presentes bases, que se rexerán pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos. A lexislación básica do estado en materia de réxime local. Os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2010, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vigo, 28 de setembro de 2010.